



**Facultade de Filoloxía**

**Memoria**

**Ano 2012**

## ÍNDICE

<b>1. Accións para a garantía da calidade nas titulacións impartidas na Facultade</b>	<b>2</b>
<b>2. Infraestruturas</b>	<b>6</b>
<b>3. Biblioteca</b>	<b>10</b>
<b>4. Extensión universitaria</b>	<b>13</b>
<b>5. Mobilidade</b>	<b>16</b>

# ACCIÓNS PARA A GARANTÍA DA CALIDADE NAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NA FACULTADE

As accións relacionadas coa xestión e o acompañamento dos procesos relativos á calidade e o seguimento das titulacións da Facultade de Filoloxía din respecto ás seguintes cuestións:

## 1. Plano de Acción Titorial (PAT)

O proceso de implementación do PAT na Facultade de Filoloxía comeza en 2007 co envolvimento do profesorado que impartía aulas en primeiro curso. Desde entón, o PAT da Facultade de Filoloxía atendeu progresivamente cada curso a un maior número de alumnos e alumnas, xa que ao lado do acompañamento daqueles estudantes das Licenciaturas que participaron no PAT por vez primeira nese curso 2007-2008, foi atribuído titor/a a todo o alumnado de novo ingreso, quer nas licenciaturas referidas (con docencia e atribución de titor/a no PAT até o curso 2012-2013) quer nos tres graos implementados desde o curso 2009-2010 na Facultade: *Grao en Galego e Portugués*, en *Inglés* e en *Español. Estudos lingüísticos e literarios*. Tamén desde ese curso 2009-2010 o Plan de Acción Titorial envolveu os/as estudantes matriculados na UDC do *Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións*, alén das sucesivas promocións do *Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais* e, desde o pasado ano 2011-2012, tamén o alumnado do *Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade* (MLCD). O Plano de Acción Titorial atinxe, por tanto, xa desde o ano 2010, todo o alumnado da Facultade. De acordo coas necesidades que disto se derivan, o número de docentes que participan no PAT incrementouse cada ano; así, dos 36 docentes que acompañan o programa no curso 2011-2012 (seis máis que no ano 2010), o PAT conta a inicios do curso 2012-2013 con 37 titores/as (véxanse os Proxectos do PAT de Filoloxía correspondentes aos cursos 2011-2012 e 2012-2013).

Neste ano 2012 foron desenvolvidas tamén diversas accións de acollida e orientación ao estudantado de novo ingreso (*vid*), que dan continuidade ás Xornadas que se levan realizando na Facultade desde principios do curso 2010-2011. Para alén destas actividades, o Vicedecano de Calidade informa oportuna e periodicamente ao profesorado titor de todas aquelas cuestións ou actividades relacionadas co desenvolvemento do PAT na Facultade.

## 2. Aplicación do SGIC

Para a realización do proceso de seguimento das cinco titulacións leccionadas na Facultade (Graos en galego e portugués, español e inglés: estudos lingüísticos e literarios; Mestrado en lingua e usos profesionais e Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade), a Unidade Técnica de Calidade (UTC) da Universidade da Coruña habilitou en febreiro de 2010 unha aplicación informática deseñada para almacenar, xerir e xerar toda a documentación vinculada aos procesos de implantación dos Sistemas de Garantía Internos de Calidade (SGIC). Desde entón, a ferramenta sufriu algunhas modificacións e actualizacións, froito da experiencia e o labor colaborativo das Persoas

Responsábeis de Calidade dos centros (como vicedecan@s de Calidade desde xuño de 2012).

No desenvolvemento deste proceso de seguimento dos títulos, a UTC organizou durante o ano 2012 varias reunións explicativas ou informativas co persoal de calidade dos centros, ás cales asistiu sempre o vicedecano responsábel da calidade e/ou algún membro da equipa decanal. Destacamos a reunión de 2 de febreiro de 2012, porque a UTC apresentou as adaptacións realizadas na aplicación informática como consecuencia das modificacións feitas nos SGIC, e a reunión de 16 de marzo, en que o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, xuntamente co persoal da UTC, informou sobre as mudanzas realizadas na aplicación do SGIC e apresentou a primeira proposta de calendarizando e distribución das funcións de avaliación da calidade (envolvendo a administración do centro nos procesos). Na secuencia desta reunión, de que deriva tamén a instrución de alteración da composición da Comisión de Calidade e Convergencia (CEC) no sentido de que deben formar parte da CEC a administradora do centro e as coordinadoras de mestrados da Facultade, a CEC decide propor (en reunión de 16 de xullo) a renovación dos membros desta Comisión, que foi aprobada na Xunta de Facultade de 19 de xullo.

Esta Comisión reuniuse durante o ano 2012 en seis ocasións (25 de abril, 19 de xuño, 16 de xullo, 19 de outubro, 30 de novembro e 18 de decembro) para atender as funcións a ela atribuída en relación co proceso de seguimento dos títulos leccionados na Facultade, quer o correspondente ao curso 2011-2012 quer ao resultado do seguimento do curso 2010-2011. En relación co seguimento do último curso referido, a CEC de 16 de xullo aprovou as alegacións presentadas aos informes provisorios do seguimento do Grao de Español: Estudos Linguísticos e Literarios e do Mestrado de Lingua e Usos Profesionais, recibidos en 2 de xullo e considerados “Non conformes” pola ACSUG. Estas alegacións non foron consideradas pola ACSUG (ao igual que todas as presentadas pola UdC), tal como se desprende do informe final do seguimento dos títulos mencionados datado en 31 de agosto, apesar de seren valorizados positivamente por esta Axencia (que recomenda na súa primeira páxina realizar o seguimento correspondente ao curso 2011-2012 “siguiendo la línea de las aclaraciones del informe de alegaciones enviado por la Universidad”).

As restantes reunións do CEC analizaron e aprobaron as valoracións do cumprimento dos criterios relativos á calidade de todas as titulacións da Facultade para o curso 2011-2012. Por fin, en 21 de decembro de 2012 finalizou o prazo dado pola ACSUG para concluir o proceso de preenchemento da correspondente aplicación informática e o envío da documentación resultante para a súa posterior verificación pola ACSUG. No momento de redixir esta memoria o proceso de verificación das cinco titulacións da Facultade correspondente obxecto do seguimento está en curso e pódese acceder á súa información en exposición pública através da web en <http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=613>.

En relación aínda coa implementación do seguimento das titulacións, foron iniciadas, desenvolvidas ou completadas varias **propostas de mellora**:

- Introducción na aplicación Verifica de todos os criterios do Mestrado e Lingua e Usos Profesionais (MLUP) e envío para a avaliación da Agencia Nacional Española de Calidad (ANECA) en 2 de marzo de 2012.
- Creación e difusión, en marzo de 2012, dun documento en que son recollidas as directrices xerais para a coordinación da docencia nos títulos de grao.
- Solicitud perante a Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías en abril de 2012 da organización dun curso de docencia através da plataforma Moodle e de outro de avaliación por competencias destinados ao profesorado da Facultade. Difusión, igualmente, dos cursos de Moodle organizados polo CUFIE entre o profesorado da Facultade.
- Creación dunha nova páxina web da Facultade no contorno institucional da UdC, con máis información sobre o centro, as titulacións e con maiores facilidades de actualización.
- Ampliación e reformulación do plan de promoción das titulacións da Facultade, através da súa difusión tanto nos centros de ensino secundario da Galiza como no ámbito universitario de Portugal e o Brasil. Foron realizadas tres accións: 1) Envío, en maio, de cartas informativas dirixidas aos departamentos de lingua e literatura galega e castelá de todos os centros de ensino secundario da Galiza para informar por ese medio dos graos e mestrados leccionados na Facultade e, igualmente, disponibilizarse para efectuar visitas do profesorado aos centros e ampliar esas informacións. 2) Envío, en xullo e setembro, de cartas informativas dirixidas a todos os centros de ensino secundario da Galiza para informar por ese medio dos graos e mestrados leccionados na Facultade e, igualmente, disponibilizarse para efectuar visitas do profesorado aos centros e ampliar esas informacións. 3) Divulgación, en xullo e setembro, dos mestrados en Lingua e Usos Profesionais e de Literatura, Cultura e Diversidade no ámbito universitario lusófono (Portugal e, nomeadamente, o Brasil) através de correo electrónico.
- Difusión, en maio de 2012, das taxas de rendemento e de éxito entre o profesorado e o alumnado da Facultade, através da súa publicación na páxina web do centro e da súa comunicación através do PAT.
- Creación de listaxes automáticas de correo electrónico do alumnado dos graos ministrados na Facultade.
- Reformulación das Xornadas de Acolida destinadas a estudantes de novo ingreso.

- Regulación da condición de estudante a tempo parcial nos graos e difundir e incentivar a posibilidade da matrícula a tempo parcial nos mestrados.
- Desdoblamento de grupos, o Grupo de Docencia Expositiva no primeiro e segundo ano dos Graos no curso 202-2013, e o grupo de docencia en grupo reducido en 3º curso, a fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Calendarización dos catro grupos de Docencia Práctica e de Grupos Reducidos dunha materia, en primeiro e segundo ano dos Graos, no mesmo día da semana, a fin de favorecer a coherencia e a cohesión na docencia, equiparar e igual os conteúdos leccionados en todos os grupos, e permitir unha mellor ordenación destes conteúdos na secuencia de ensino-aprendizaxe.
- Establecemento dun calendario de centro no proceso de elaboración dos Guías Docentes e reforzo da coordinación nas titulacións.
- Elaboración dunha normativa para a realización e avaliación do Traballo de Fin de Grao (con indicacións canto ao formato, extensión, organización dos contidos e liñas temáticas ofrecidas desde os departamentos).
- Solicitud dun posto de profesor/a para docencia práctica de lingua italiana
- Promoción entre o profesorado da asistencia aos cursos organizados polo CUFIE dirixidos para a adquisición de destrezas relativas á cualificación no uso de plataformas dixitais e de recursos informáticos para a docencia
- Dotación de novas aulas con equipamento multimedia e renovación de materiais nas aulas.
- Agrupamento do alumnado matriculado nos graos no último período habilitado ao efecto nun único grupo (D).
- Solicitud perante as institucións responsábeis, da modificación do calendario das probas de acceso á universidade

Alén disto, aos efectos de dar cumprimento ao PA03 do SGIC (Procedemento de Apoio 03: Satisfacción, expectativas e necesidades) foron xestionadas as **enquisas de satisfacción** do PDI, PAS e alumnado do centro correspondentes ao ano 2011-2012, nos formatos e de acordo cos procesos indicados pola UTC (<http://enquisas.sic.udc.es>). O profesorado preencheu 16 enquisas para o MLUP e 12 para o MLCD, 24 no grao de Español, 6 no grao de Galego e Portugués e 7 no grao de Inglés, Estudos Lingüísticos e Literarios. Os resultados destas enquisas foron analisados pola CEC (que os considerou en xeral satisfactorios, a pesar da baixa participación do PAS e do irregular envolvimento do alumnado) e incorporados na avaliación do seguimento das titulacións correspondente a ese curso.

## INFRAESTRUTURAS

O orzamento ordinario para o ano 2012 foi de 15560 € (partida 62500, de moblaxe e equipamento).

Non se inclúen nesta memoria as actuacións ordinarias no mantemento e na reparación do edificio, das súas instalacións e dos seus servizos (partida 21200, dotada con 10690 €).

### 1. Adquisición de material informático.

- Un computador portátil Asus K53SC-SX307V (Intel Core i5, 4Gb RAM, HDD 500 GB, pantalla LCD de 15,6"). Está dispoñible na conserxaría para usos docentes.
- Un adaptador AV dixital de Apple para Ipad e un adaptador de Mini DisplayPort a HDMI para MacBook. Están dispoñibles en conserxaría para usos docentes.
- Habilitáronse catro postos informatizados novos na Aula Informatizada 1/13: adquiríronse catro CPUs ASUS P6-P8H61E (con microprocesador Intel Core i3 2100 3.10 GHz LGA1155, 4 Gbs RAM DIMM DDR3, FSB 1333 MHz Kingston, HDD Seagate 500 Gb SATA 16 Mb primario, regravadora DVD LG GH22NS50 negra Sata, teclado USB Logitech 250 Deluxe OEM negro e rato Logitech OEM B110) e catro monitores LED Philips 227E3LHSU/00 de 21.5".
- Unha impresora HP LaserJet Pro P1606dn (Aula Informatizada 1/13).
- Un monitor Benq 21.5" E2220HD (Aula 2/13; substitúe un monitor avariado).
- Oito módulos de memoria RAM DDR400 de 1 Gb para mellorar os catro computadores de uso das asociacións de estudantes. Un módulo de memoria DIMM 2Gb PC800 e dous de memoria DIMM 1Gb DDR PC400 para mellorar distintos computadores do centro.
- Dez ratos Logitech B110 e cinco teclados Logitech K120 para substituír material avariado das aulas.
- Dez cables prolongadores USB 2.0 Nilox (para distintas aulas).
- Unha impresora HP LaserJet P2055DN (gabinete 514).
- Un computador Barebone Asus Pundit P6-P8H61E S/1155-DDR3, con memoria Kingston 4Gb 1333, HD WD 500 Gb SATA2 16Mb Caviar Blue, regravadora DVD LG GH24NS90 SATA e microprocesador Intel Core I3-2100 3.10 GHz LGA1155 (Vicedecanato; substitúe un computador avariado que non se pode reparar).
- Un computador Barebone Asus Pundit S2-P8H61E S/1155-DDR3, con memoria Kingston 4Gb 1333, HD WD 500 Gb SATA2 16Mb Caviar Blue, regravadora DVD LG GH24NS90 SATA e microprocesador Intel Core I3-2100 3.10 GHz LGA1155 (Vicedecanato; substitúe un computador avariado repetidas veces).
- Dous monitores Asus VS228H de 21.5" de pantalla (Decanato, á espera da súa ubicación en aulas).

- Adquiriuse un software de multiconferencia para videoconferencia Polycom HDX8000 (Aula de Videoconferencia 2/12).

## **2. Adquisición de material de audio, vídeo, comunicación...**

- Dotación multimedia da aula 1/6, que inclúe: unha pantalla LCD Sony KDL-55 EX 720; un soporte TFT extensible e orientable suxeito ao teito en acabado negro; un moble-rack de estrutura de aceiro con rodas Traulux MOBY-GO 2; unha CPU Barebon Asus PUNDIT P6-P8H61E, con teclado inarámico e mouse GYRATION Air Mouse Elite; un monitor de 21,5" Samsung E2220N, e a instalación de todos estes sistemas con cableado, canalizacións, terminais, selectores-distribuidores, conectores e demais equipos necesarios para a integración dos mesmos. Instaláronse tamén un reprodutor de DVD e outro de VHS xa existentes no centro.
- Dotación multimedia da aula 2/11, que inclúe: unha pantalla LCD LED Sony KDL-55 HX 750; un soporte TFT extensible e orientable suxeito ao teito en acabado negro; un moble-rack de estrutura de aceiro con rodas Traulux MOBY-GO 2; un lector Blu-Ray Sony BDP-S 490; unha CPU Barebon Asus PUNDIT P6-P8H61E S/1155-DDR3, con teclado inarámico e mouse GYRATION Air Mouse Elite; un monitor de 21,5" Asus VH228H HDMI; un soporte de monitor con brazo articulado Vesa 3Go, e a instalación de todos estes sistemas con cableado, canalizacións, terminais, selectores-distribuidores, conectores e demais equipos necesarios para a integración dos mesmos. Foron costeados pola Facultade o computador, o rato, o teclado, o monitor de 21.5" e o brazo articulado; o resto foi costeado polo Centro de Linguas.
- Instaláronse en muro dous altofalantes autoamplificados Omnitronic C-50 A de 5" e 2 vías, con caixa de conexión, cableado e conectores; van conectados ao computador do profesor (Aula Informatizada 1/13).
- Un reprodutor portátil de CDs JVC RC-EZ57B (en conserxaría para usos docentes).

## **3. Adquisición de mobiliario.**

- Instaláronse catro pizarras de aceiro vitrificado branco mate Faibo de 1220x3000 mms., e retiráronse as existentes: dúas na aula 2/3, unha na aula 1/1 e outra na 1/6. Nas dúas últimas colocáronse tamén taboleiros vernizados nos laterais para axustar o oco.
- Substituíuse todo o mobiliario de estudantes das aulas 2/12, 2/13 e 2/14. En cada unha delas instaláronse vinte mesas de dúas prazas co sobre en melamina cor faia (30 mms. de espesor con canteado en PVC de alta resistencia e patas regulables, con medidas de 1400x600 mms.), e 40 sillas modelo Jaconsen con monocarcasa en acabado faia e 4 patas en acabado cromado de estrutura aluminizada. Costearon esta mellora a Facultade de Filoloxía (aula 2/12) e o Centro de Linguas (aulas 2/13 e 2/14). A Facultade (aula 2/13 e 2/14) e o servizo de obras da UDC (2/12) fixéronse cargo da retirada do mobiliario existente e da reparación do chan. A Facultade adquiriu catro mesas e oito sillas das mesmas características para completar a moblaxe das aulas 2/1 e 2/2.



#### **4. Outras actuacións nas instalacións do centro.**

- Reordenouse e optimizouse o sistema de iluminación das zonas comúns (salas de traballo, pasillos, aseos...) das plantas 0 e 1 do edificio principal, completando así os traballos iniciados en decembro de 2011, e que consistiron na modificación, sectorización e automatización dos circuitos de encendido, na instalación de detectores de presenza con tempo axustable e de células fotoeléctricas para regular o nivel de luminosidade, e na substitución de elementos do sistema por outros máis eficientes.
- Instalouse un sistema de anulación manual do encendido de luminarias con célula fotosensible nos andares 1 e 2 da biblioteca.
- Instaláronse tomas eléctricas en seis mesas (catro por mesa) do andar 2 da biblioteca para dar servizo aos usuarios.
- Sectorizáronse e redistribuíronse os encendidos de luminarias na Sala de Estudo e na aula 1/10; nesta última, ademais, instalouse en muro unha caixa de catro tomas de electricidade de 16A, con interruptor térmico e canaleta.
- Reparouse o arco electrónico de control de acceso á biblioteca.
- Recicláronse os computadores substituídos da Aula Net, aumentándolle a memoria RAM a nove deles; instaláronse en distintos gabinetes e espazos do centro.
- Colocáronse rodas en tres caixoneiras xa existentes para ubicalas en distintos gabinetes.

#### **5. Actuacións desenvolvidas polos servizos centrais.**

- Adquiriuse material diverso para a instalación da futura Aula de Videoconferencia 2/12: sistema de multiconferencia HDX 8000-720 (integrado por diferentes elementos, incluíndo o software), EagleEye 2 Camera, soporte de parede para cámara de video HD, conversor de sinal VGA a vídeo composto CV-401V, conversor de sinal HDMI a VGA e audio asociado HD FURY 3, distribuidor de sinal VGA a 400 Mhz de 1 entrada a 2 saídas DC-4110, mesa de mezclas analóxica de 12 canais de entrada de micro/línea MULTIMIX 12R, amplificador de 4 canais 120W PA-1504, sistema acústico con altofalante de 4" e 2 vías ARCO4 e micrófono boundary para sistema de videoconferencia HDX7000.
- Reordenouse e optimizouse o sistema de iluminación das zonas comúns (pasillos, aseos...) de todas as plantas do edificio anexo no que se ubican os gabinetes de profesores e o Centro de Linguas. Estes traballos consistiron na modificación, sectorización e automatización dos circuitos de encendido, na instalación de detectores de presenza con tempo axustable e de células fotoeléctricas para regular o nivel de luminosidade, e na substitución de elementos do sistema por outros máis eficientes.
- Abriuse no muro existente unha porta de acceso á sala de investigadores desde a sala de lectura do andar 0 da biblioteca, con rampa para discapacitados, porta de cristal e luminaria.

- Reparouse a beirarrúa de acceso á unha das portas de emerxencia do andar 0 da biblioteca. A súa disposición facía que entrase auga no edificio e se filtrase ao andar -1 deste servizo.
- O Servizo de Riscos Laborais proporcionou unha silla para trasladar persoas con dificultades de movemento. Está depositada na conserxaría do centro.
- Instaláronse estores (retirando as persianas venecianas), substituíronse unha silla de oficina e dúas sillas de confidente con tapizado téxtil por outras con tapizado hipoalerxénico, e mercouse un deshumidificador Zibro D512 para mitigar os problemas de alerxia do usuario do gabinete 216. Ademais, o centro substituíu gran parte do mobiliario deste gabinete pola mesma razón, reempazando as estanterías abertas por outras con portas de cristal, seguindo as indicacións do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC.
- Adaptouse para uso de discapacitados un aseo xa existente no andar 1 do edificio principal: deste xeito, todos os andares deste edificio contan con un.
- Reparouse o falso teito dun pasillo lateral da Aula Magna, do que se estaban desprendendo as planchas de madeira: substituíronse e pintáronse. Ademais, reparáronse varias planchas desprendidas ou deformadas que recubren as paredes internas da Aula Magna.
- Colgáronse trece orlas e cambiouse a ubicación dun taboleiro de anuncios.
- Reparáronse danos nas paredes de varias aulas, e tapouse con escaiola un segmento do teito da aula 1/6 no que se fixeran obras.
- Repuxéronse azulexos en varias zonas do edificio principal.
- Repúxose un sinal indicativo de praza de aparcadoiro para discapacitados.
- Revisouse o estado das tuberías do centro.

# BIBLIOTECA

## 1. Orzamento

- Partida 62800:
  - Facultade: 27110,00 €.
  - Departamentos: 27457, 128 €.
  - Centro de Linguas: 6845,98 €.
- **Outras partidas:** 8892,57 €.

## 2. Colección

A colección da biblioteca a 31 de decembro de 2012 consta de 101770 **monografías** en papel: houbo 2810 volumes de novo ingreso (1918 por compra, 892 por donativo ou intercambio).

O **fondo de publicacións periódicas** consta de 1216 títulos: 363 abertas en papel e 853 pechadas. Moitas revistas pasaron a soporte exclusivamente electrónico, e non están computadas entre as abertas.

Os servizos centrais non poden neste momento proporcionar datos máis detallados sobre a situación actual da colección.

## 3. Usuarios.

O volume de entradas na biblioteca foi este ano de 69491 usuarios: son datos referidos só a nove meses, xa que o contador de accesos non funcionou durante tres meses por avaría.

## 4. Persoal.

No ano 2012 houbo cambios no persoal fixo da Biblioteca. Incorporáronse ao servizo Rosa Martínez Val (como bibliotecaria, en substitución de Sara Rodríguez), e Patricia Blanco González (como auxiliar técnico de biblioteca, en substitución de María Cana), ambas as dúas no turno de tarde.

Durante os meses de xaneiro a maio a biblioteca contou coa colaboración de dous bolseiros (estudantes do noso centro) para tarefas bibliográficas. Axudaron aos auxiliares técnicos na colocación, reordenación e inventario do fondo bibliográfico.

Neste ano iniciouse unha colaboración coa Fundación Paideia nos seus proxectos de emprego para a capacitación laboral de persoas con discapacidades físicas e/ou psíquicas. Esta colaboración permitiu que dúas persoas traballaran no servizo, unha no mes de xullo e outra no de novembro.

## 5. Instalacións e equipamentos.

A Facultade fíxose cargo das seguintes melloras:

- Creáronse novos postos de lectura, ubicándose dúas novas mesas para usuarios no andar 2.
- Instaláronse tomas eléctricas en seis mesas (catro por mesa) do andar 2 da biblioteca para dar servizo aos usuarios.
- Instalouse un sistema de anulación manual do encendido de luminarias con célula fotosensible nos andares 1 e 2 da biblioteca, e mellorouse o cadro eléctrico.
- Reparouse o arco electrónico de control de acceso á biblioteca.

Os servizos centrais fíxéronse cargo das seguintes melloras:

- Abriuse no muro existente unha porta de acceso á sala de investigadores desde a sala de lectura do andar 0 da biblioteca, con rampa para discapacitados, porta de cristal e luminaria.
- Reparouse a beirarrúa de acceso á unha das portas de emerxencia do andar 0 da biblioteca. A súa disposición facía que entrase auga no edificio e se filtrase ao andar –1 deste servizo.

A Biblioteca habilitou un expositor de novidades a carón do punto de atención de usuarios e préstamo, no que se irán mostrando as monografías de recente incorporación.

## **6. Tarefas realizadas na biblioteca.**

### **6.1. Traballo técnico.**

As tarefas desenvolvidas polo persoal da biblioteca foron as seguintes:

- Selección e adquisición dos fondos bibliográficos adecuados ás nosas titulacións, con especial atención á bibliografía recomendada para as materias impartidas no centro.
- Adquisición de obras para os novos cursos de grao e mestrado.
- Creación no catálogo en liña da biblioteca das bibliografías recomendadas para as diferentes materias impartidas no centro.
- Catalogación de todas as monografías de novo ingreso, tanto por compra como por doazón ou intercambio.
- Selección, exposición e renovación das monografías de novo ingreso no lugar acondicionado para tal fin.
- Baleirado analítico de todos os artigos publicados polos profesores da facultade e existentes nas publicacións da biblioteca de filoloxía.
- Baleirado dos artigos das seguintes publicacións na base de datos Dialnet: *Anuario de estudos literarios galegos*, *Cancionero General*, *Encrucillada*, *Estudios Mindonienses*, *Agalia*, *Troianalexandrina* e *Coloquio Letras*.
- Baleirado na base de datos Dialnet de monografías publicadas polo Servizo de Publicacións da UDC que conteñen traballos dos nosos profesores.
- Rexistro automatizado, selado e magnetizado de todos os números de revistas ingresados na hemeroteca.
- Control e envío a outras universidades dos duplicados de publicacións periódicas.
- Estudo da colección e traslado ao depósito de dos volumes de monografías de uso pouco frecuente.
- Realización do inventario dos fondos da biblioteca.

### **6.2. Formación.**

Entre a formación impartida polo persoal da biblioteca, está o curso de presentación da biblioteca aos alumnos de novo ingreso. Tamén se impartiron varios cursos específicos para o manexo de bases de datos e doutros recursos de fontes de información, dirixidos principalmente aos alumnos de últimos cursos dos graos, dos mestrados e do doutoramento.

### **6.3. Outras actividades destacadas.**

No mes de abril de 2012, coincidindo coa celebración do Día Internacional do Libro e moi perto xa do Día das Letras Galegas, iniciouse a V campaña de transmisión ou cesión de fondos aos usuarios da biblioteca do noso centro. Foron aproximadamente 534 obras (i) non adquiridas, senón obtidas por

cesión, doazón, intercambio ou xentileza institucional; (ii) existentes xa ou mesmo duplicadas nos nosos fondos, ou de moi escasa relevancia para os intereses do noso centro; e (iii) que outras bibliotecas non están interesadas en recibiren. A experiencia resultou un éxito.

# EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

A Comisión de Extensión Universitaria dispuxo dun orzamento de 9.920 € para o ano 2012.

A Comisión de Extensión, reunida en tres ocasións (30 de marzo, 27 de xullo e 31 de outubro) e tras o pertinente prazo para a presentación de solicitudes de subvención de actividades, procurou apoiar todas as propostas feitas polos distintos sectores da Facultade, e manter aquelas organizadas polo Centro de xeito xa tradicional, aplicando os criterios utilizados nos últimos anos e refrendados pola Xunta de Facultade na súa reunión de 12 de marzo de 2010.

## 1. Actividades organizadas pola comisión

### 1.1. Premio de Creación Literaria e Ensaio

- Edición, publicación e distribución do XVIII Premio de Creación Literaria e Ensaio, correspondente ao ano 2011.
- Convocatoria do XIX Premio de Creación literaria e ensaio, correspondente ao ano 2012.
- Fallo público do XIX Premio coa intervención de Antía Otero (29 de maio).
- Celebración das Letras Galegas 2012: Mesa redonda “Valentín Paz Andrade” coa intervención de Tucho Calvo e Xan Carballa (23 de maio).

### 1.2. Acto de despedida ás promocións, 29 de xuño.

Despedida ás promocións de Filoloxía Galega, Hispánica e Inglesa que remataban os seus estudos no curso académico 2011-2012. Entrega de diplomas e insignias a 54 estudantes. Viño de honra.

**1.3. Magosto** –en colaboración cos Comités e o grupo Coreander– (9 de novembro).

## 2. Actividades organizadas polo estudantado

- Equipacións deportivas

## 3. Actividades organizadas polo profesorado

### 3.1. Conferencias, xornadas, congresos...

- Conferencia / Coloquio del prof. Mauricio Pilatowsky Braverman “El pensamiento judío moderno y su aproximación a la ética mediante la filología hebrea” (5 de marzo).
- Semana das lusofonías (24-26 de abril).
- Espectáculo audiovisual “Cen primaveras de Álvaro Cunqueiro” (9 de maio).
- XI Congreso Internacional de Literatura española contemporánea (28 de maio-1 de xuño).

- Xornadas sobre “Humanidades Digitales: Edición y difusión” (2 e 3 de xullo).
- Congreso Internacional “La medicina en la literatura” (26-28 de setembro).
- Xornadas “A crise a debate” (24 de setembro e 15 de outubro).
- Conferencia, “La voz de las escritoras senegalesas” (29 de outubro).
- Ciclo de conferencias “New Trends in English Studies VIII” (1, 8 e 29 de outubro, 5 e 26 de novembro).

No centro organizáronse outras actividades de carácter cultural subvencionadas ou promovidas por outras institucións ou instancias universitarias. A Facultade colaborou no seu desenvolvemento, ben cedendo as súas instalacións, ben contribuíndo no apartado de gastos protocolarios, no caso dalgúns congresos, simposios e conferencias.

#### **4. Outras actividades**

**4.1. Charla-coloquio** Bolsa-Erasmus para estudantes de Filoloxía (1 de febreiro).

**4.2. Charla-coloquio** Prácticas profesionais para o estudiantado de Filoloxía (19 de abril)

#### **4.3. Xornadas de Orientación Laboral**

- 7 de marzo: “Que facer ao acabar a carreira?”, Félix Córdoba Rodríguez, Begoña Crespo García e Roberto López-Iglesias Samartín.
- 14 de marzo: “As posibilidades do autoemprego”, Janet Fernández López, axente de Emprego da Universidade da Coruña (SAEE).
- 2 de maio: “Profesións para filólogos”, Olga Álvarez Iglesias (Netex), Cristina Gomis Parada (Tagen Ata).

**4.4. Xornada de Portas Abertas** (1 de marzo), en colaboración co SAPE e a Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.

#### **4.5. Actos de acollida para o estudiantado de novo ingreso:**

- **Graos** (semana do 10 ao 14 de setembro)
- **Mestrados** (26 de setembro)
- **Erasmus** (19 de setembro), en colaboración SAPE, a Oficina de Cooperación e Voluntariado, o Servizo de Normalización Lingüística, o Centro de Linguas, o Servizo de Cultura, o Servizo de Deportes, o Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego aos universitarios e a Oficina de Relacións Internacionais.

#### **4.6. Actividades organizadas pola Comisión de Normalización Lingüística.**

- Convocatoria do *IV Premio de Tradución ao galego de textos científico-técnicos*
- Seminarios sobre LINGUA E EMPREGO
  - “Formación e emprego”, Silvia Muiño (20 de marzo).

- “Ferramentas para o traballo no campo editorial”, María Vilariño (21 de marzo).
- “Ferramentas para o traballo no campo da tradución”, Antón Lado (22 de marzo).

**4.7 Encontro con John Rutherford e Manuel Rivas nomeados Doutores *Honoris Causa* pola UDC (13 de abril).**



## **MOBILIDADE**

No ano 2012, no marco do programa de mobilidade Erasmus, a Facultade recibiu as visitas de:

- Prof. Przemysław Strugielski Wloclawek (Poland)
- Prof. Mirosław Pawlak Konin (Poland)
- Prof. Irén Hegedus Pecs (Hungary)
- Prof. Violetta Hale Wloclawek (Poland)
- Prof. Jan Majer Wloclawek (Poland)

No marco do mesmo programa, participaron en accións de mobilidade os profesores e profesoras da Facultade:

- Dolores Sánchez Palomino (Departamento de Filoloxía Española e Latina)

No ano 2012 tramitáronse a través da Facultade de Filoloxía os seguintes convenios:

- Universiteit Gent
- Università degli Studi di Bergamo
- Universiteit Leiden
- Uniwersytet Gdanski
- Universidade da Madeira
- Fatih Üniversitesi